

MENSAXE DO SANTO PADRE FRANCISCO
CON OCASIÓN DA XXII XORNADA MUNDIAL DO ENFERMO 2014

Fe e caridade: «Tamén nós debemos dar a vida polos irmáns» (1 Xn 3,16)

Queridos irmáns e irmás:

1. Con ocasión da XXII Xornada Mundial do Enfermo, que este ano ten como tema Fe e caridade: «Tamén nós debemos dar a vida polos irmáns» (1 Xn 3,16), diríxome particularmente ás persoas enfermas e a todos os que lles prestan asistencia e coidado. Queridos enfermos, a Igrexa recoñece en vós unha presenza especial de Cristo que sofre. En efecto, xunto, ou mellor aínda, dentro do noso sufrimento está o de Xesús, que leva ao noso carón o peso e revela o seu sentido. Cando o Fillo de Deus foi crucificado, destruíu a soidade do sufrimento e iluminou a súa escuridade. Deste xeito, estamos fronte ao misterio do amor de Deus por nós, que nos infunde esperanza e valor: esperanza, porque no plan de amor de Deus tamén a noite da dor ábrese á luz pascual; e valor para facer fronte a toda adversidade na súa compañía, unidos a El.

2. O Fillo de Deus feito home non eliminou da experiencia humana a enfermidade e o sufrimento senón que, tomándoos sobre si, transformounos e delimitounos. Delimitou, porque xa non teñen a última palabra que, pola contra, é a vida nova en plenitude; transformou, porque en unión con Cristo, de experiencias negativas, poden chegar a ser positivas. Xesús é o camiño, e co seu Espírito podemos seguilo. Como o Pai entregou ao Fillo por amor, e o Fillo entregouse polo mesmo amor, tamén nós podemos amar aos demais como Deus nos amou, dando a vida polos nosos irmáns. A fe no Deus bo convértese en bondade, a fe en Cristo Crucificado convértese en forza para amar até o final e até aos inimigos. A proba da fe auténtica en Cristo é o don de si, o difundirse do amor polo próximo, especialmente polo que non o merece, polo que sofre, polo que está marxinado.

3. En virtude do Bautismo e da Confirmación estamos chamados a configurarnos con Cristo, o Bo Samaritano de todos os que sofren. «Nisto coñecemos o que é o amor: en que El deu a súa vida por nós. Tamén nós debemos dar a vida polos irmáns» (1 Xn 3,16). Cando nos achegamos con tenrura aos que necesitan atención, levamos a esperanza e o sorriso de Deus no medio das contradicións do mundo. Cando a entrega xenerosa cara aos demais vólvese o estilo das nosas accións, damos espazo ao Corazón de Cristo e o noso inflámase, ofrecendo así a nosa contribución á chegada do Reino de Deus.

4. Para crecer na tenrura, na caridade respectuosa e delicada, nós temos un modelo cristián a quen dirixir con seguridade a nosa mirada. É a Nai de Xesús e Nai nosa, atenta á voz de Deus e ás necesidades e dificultades dos seus fillos. María, animada pola divina misericordia, que nela se fai carne, esquecese de si mesma e encamiñase rapidamente

de Galilea a Xudá para atopar e axudar á súa curmá Isabel; intercede ante o seu Fillo nas vodas de Caná cando ve que falta o viño para a festa; ao longo da súa vida, leva no seu corazón as palabras do ancián Simeón anunciando que unha espada atravesará a súa alma, e permanece con fortaleza aos pés da cruz de Xesús. Ela sabe moi ben como se fai este camiño e por iso é a Nai de todos os enfermos e de todos os que sofren. Podemos recorrer confiados a ela con filial devoción, seguros de que nos asistirá, sosteñanos e non nos abandonará. É a Nai do crucificado resucitado: permanece xunto ás nosas cruces e acompáñanos no camiño cara á resurrección e a vida plena.

5. San Xoán, o discípulo que estaba con María aos pés da Cruz, fai que nos remontemos ás fontes da fe e da caridade, ao corazón de Deus que «é amor» (1 Xn 4,8.16), e lémbrenos que non podemos amar a Deus se non amamos aos irmáns. O que está baixo a cruz con María, aprende a amar como Xesús. A Cruz é «a certeza do amor fiel de Deus por nós. Un amor tan grande que entra no noso pecado e perdóao, entra no noso sufrimento e dános forza para soportalo, entra tamén na morte para vencela e salvarnos... A Cruz de Cristo convida tamén a deixarnos contaxiar por este amor, ensínanos así a mirar sempre ao outro con misericordia e amor, sobre todo a quen sofre, a quen ten necesidade de axuda» (Via Crucis cos mozos, Río de Janeiro, 26 de xullo de 2013).

Confío esta XXII Xornada Mundial do Enfermo á intercesión de María, para que axude ás persoas enfermas a vivir o seu propio sufrimento en comunión con Xesucristo, e sosteña aos que os coidan. A todos, enfermos, axentes sanitarios e voluntarios, imparto de corazón a Bendición Apostólica.

Vaticano, 6 de decembro de 2013

FRANCISCO